

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 8 de setembro de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e corenta minutos do día oito de setembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña; pola Intervención Xeral a Sra. Hernández Vidal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(991).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(992).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR DETERMINADAS EMPRESAS RESPECTO DO CONTRATO DO SERVIZOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 5238/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 09/09/14, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

*“En data 26 de agosto de 2014 publícase no BOP e no DOGA o anuncio de licitación do contrato de servizos de promoción turística.*

*Aberto o prazo para a presentación de ofertas, a mercantil AIR NOSTRUM, en data 4 de setembro, formula ó órgano de contratación unha cuestión sobre os pregos que rexen a presente licitación para a súa aclaración. En concreto manifiestan que “En relación al expediente referenciado y a los efectos de valorar adecuadamente la documentación a aportar en la licitación en curso, se solicita al ÓRGANO DE CONTRATACIÓN aclaración en cuanto a qué información se puede incluir en el SOBRE B.*

*Dado que el SOBRE B contendrá información evaluable mediante juicios de valor y el contenido principal versará sobre las acciones de promoción establecidas en la cláusula 5 del pliego de prescripciones técnicas, ésta compañía considera importante que, para una mejor valoración de dichas acciones, puedan citarse algunas ciudades que serían objeto de tales acciones promocionales. Con esta información no estaríamos revelando información a incluir en el SOBRE C (en concreto la relativa al número de rutas a operar), pero sí consideramos que es interesante poder citar alguna ciudad que sería objeto de las campañas de promoción de la ciudad de Vigo, para conseguir así que el órgano de contratación y la mesa en su caso, puedan contar con más datos y criterios técnicos para una mejor valoración de la oferta a incluir en el SOBRE B.*

*Esta consulta se plantea porque por parte de AIR NOSTRUM entendemos que el contenido del SOBRE B no podrá incluir ningún dato o documento que permita deducir cual va a ser la Proposición que se formulará exclusivamente en el SOBRE C, ya que la proposición que incurra en éste hecho podría ser excluida de la licitación, pero a su vez consideramos que aportar el nombre de ciudades objeto de la campaña podría no considerarse información de esas características”.*

**Non se poden incluir datos relativos ás rutas que pretenden ofertar no sobre B.** O incluir estes datos sería causa de exclusión conforme ó previsto na cláusula 13. B do Prego de cláusulas administrativas particulares. Establece a citada cláusula que “A Mesa, en resolución motivada, excluirá da licitación as proposicións nas que concurra algunha das seguintes circunstancias:

- *A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas.”*

*O artigo 78 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas arbitra a posibilidade de que os empresarios interesados soliciten os pregos ou información complementaria a administración contratante, impondo a esta a obriga de facilitarlle a información solicitada no prazo dos seis días seguintes o da recepción da petición. No caso que nos ocupa o prazo remata o día 5 de setembro.*

*En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

**“1º.- Aprobar a resposta a cuestión formulada por AIR NOSTRUM, en data 4 de setembro, e contida no presente informe”.**

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

rs.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.